

Orde do 23 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras do Certame cooperativismo no ensino e os Premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (códigos de procedementos TR802O e TR802Q).

A Constitución Española, no seu artigo 129.2, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma galega asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

En uso da referida competencia ditouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, a cal recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, dispón que unha das consellerías que a integra é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, segundo o establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social as competencias na comunidade autónoma en materia de cooperativismo e economía social.

O cooperativismo basea a súa organización nun conxunto de principios, valores e obxectivos comúns, a favor dun modelo económico inclusivo, baseado no convencemento de que a primacía da persoa e do obxecto social, a gobernanza democrática e participativa e a aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade permiten combinar actividades económicas sustentables cun impacto social positivo.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece as bases reguladoras para o certame Cooperativismo no ensino e os premios á cooperación co fin de difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de



Galicia así como para recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando neste sentido.

Sobre as bases reguladoras dos premios, así como sobre a súa convocatoria para o ano 2026, emitiu informe o Consello Galego de Cooperativas.

Por todo o exposto, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión dos premios no certame Cooperativismo no ensino e os premios á cooperación coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, entre o alumnado dos centros educativos de Galicia, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas realizan para o desenvolvemento cooperativo na Comunidade Autónoma Galega, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

Establécense os seguintes programas de axudas:

Programa I – Certame cooperativismo no ensino dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia (código de procedemento TR802O).

Programa II – Premios á cooperación (código de procedemento TR802Q).

Artigo 2. Normativa aplicable

As solicitudes, a súa tramitación e resolución axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de



desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3. Principios de xestión

A xestión deste programa realizarase de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo cos seguintes principios:

1. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
3. Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. Financiamento

A concesión dos premios nos dous programas realizarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias asignadas á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2026. As aplicacións orzamentarias e os importes asignados a cada un dos programas figuran na convocatoria.

- a) Programa I: aplicación 14.04.324C.480.1
- b) Programa II: aplicación 14.04.324C.472.1

Artigo 5. Persoas e entidades beneficiarias

1. Poderanse acoller aos premios recollidos nesta orde, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos no correspondente programa de axudas:

- a) Os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial para os traballos elaborados polo seu alumnado, segundo as modalidades e nos termos previstos no programa I.
- b) As cooperativas galegas que estén ao día nas obrigas rexistras co Rexistro de Cooperativas de Galicia, segundo as modalidades e nos termos previstos no programa II.

2. Con carácter xeral as persoas e entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- b) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.



c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e reunir os restantes requisitos previstos nesta.

Artigo 6. Forma e lugar de presentación das solicitudes

1. As solicitudes de subvención deberán presentarse por separado para cada un dos programas desta orde, nos modelos de solicitude que figuran como anexos (anexos I e IV), acompañadas da documentación sinalada nesta orde e dirixiranse ao órgano competente para resolver.

2. Para os procedementos do programa I (TR8020) e do programa II (TR802Q) as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexo I para o procedemento TR8020 e anexo IV para o procedemento TR802Q) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 7. Emenda das solicitudes

Unha vez recibidas as solicitudes, a unidade administrativa encargada da instrución do expediente comprobará se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fisexe, se



considerará a entidade interesada desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. Para o programa I, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante.
- b) Traballos que se presentan ao certame segundo se indica:
 - Modalidade de actividades artísticas: debuxos, pinturas, maquetas, fotografías, vídeos ou calquera tipo de creación dixital, de conformidade co sinalado no artigo 21.
 - Modalidade de actividades cooperativizadas: memorias das actividades realizadas cooperativamente, segundo o sinalado no artigo 22.
 - Modalidade de proxectos empresariais cooperativos: proxectos, ficha resumo e currículo do grupo, segundo o sinalado no artigo 23.

2. Para o programa II, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Datos identificadores da cooperativa: data de constitución, número e clase de persoas socias, número de traballadores/as, actividade e volume de negocio anual.
- b) Memoria explicativa dos méritos que distinguen a candidatura, que permitan apreciar os criterios de valoración correspondentes á modalidade ou modalidades ás cales se presente. Esta memoria non poderá exceder as 20 páxinas e deberá incluír un índice e unha ficha resumo.



- c) Documentación xustificativa dos méritos alegados en formato texto, vídeo, fotografía etc., de modo que o tribunal poida obter unha visión o máis completa posible.
- d) Documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente, con excepción dos traballos aos que se refire a letra a) do parágrafo 5 do artigo 21 (debuxos, pinturas ou maquetas que non sexan de creación dixital), que se deberán entregar, debidamente identificados, na Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela). Poderase utilizar calquera tipo de envío sempre que garanta a entrega no lugar e prazo previsto na convocatoria.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación do procedemento do programa I consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude a súa participación na modalidade de actividades artísticas ou na modalidade de actividades cooperativizadas:

Só para as modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas, a seguinte documentación:

- c) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.



- d) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.
- e) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- f) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

Consultaranse ademais, na fase de xustificación e pagamento, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude a súa participación na modalidade de proxectos empresariais cooperativos:

- g) DNI/NIE das persoas participantes.
- h) DNI/NIE da persoa representante.
- i) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- j) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.
- k) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- l) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. Para a tramitación do procedemento do programa II consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.



- e) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- f) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.

Artigo 12. Instrución do procedemento

1. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Economía Social da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, que se encargará de comprobar que as solicitudes e a documentación presentada reúnen os requisitos esixidos nesta orde. No suposto de que observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, e atendendo ao disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá á



persoa interesada para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días. Se non o fixer, terase por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21, en relación co artigo 68, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Poderase requirir das persoas interesadas aquela información e documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados.

Artigo 13. Resolución e recursos

1. A competencia para a concesión dos premios nos dous programas é a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A concesión dos premios será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na web <https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subsencions> e notificaráselles ás entidades premiadas.
2. O prazo para ditar e notificar as resolucións será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Artigo 14. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 15. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 16. Obrigas das entidades beneficiarias, compatibilidade e reintegro

1. As entidades beneficiarias quedan obrigadas a someterse ás accións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, a achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e demais obrigas establecidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007.
2. Os premios serán compatibles con calquera subvención ou axuda para a mesma finalidade.
3. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Capítulo II

Programa I: Certame Cooperativismo no ensino (procedemento TR8020)

Artigo 17. Finalidade

1. O certame Cooperativismo no ensino ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.



2. No desenvolvemento das actividades deberanse potenciar e propiciar os valores e principios que inspiran o cooperativismo, tales como a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada.

3. O código do procedemento para a tramitación destes premios é o TR8020.

Artigo 18. *Procedemento*

1. Os premios concederanse por concorrencia competitiva, segundo o procedemento baseado no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento iniciarase de oficio coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria pública, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19. *Participantes*

Poden participar no certame os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, presentando os traballos elaborados polo seu alumnado, segundo as modalidades e nos termos previstos nestas bases.

Artigo 20. *Modalidades*

O alumnado dos centros educativos de Galicia poderá presentar os traballos nas seguintes modalidades:

1. Actividades artísticas, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.
2. Actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.
3. Proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Artigo 21. *Modalidade de actividades artísticas*

1. O alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial poderá presentar a este concurso calquera produción artística en modalidade gráfica ou audiovisual,



tal como debuxos, pinturas, maquetas, fotografías, vídeos ou calquera tipo de creación dixital, realizados de forma colectiva, nos que se reflicta a posta en práctica dos valores e principios cooperativos.

2. En cada traballo deberán participar como mínimo tres alumnos ou alumnas.

3. Establécense as seguintes categorías:

- a) Categoría A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.
- b) Categoría B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
- c) Categoría C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
- d) Categoría D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

No caso de traballos realizados conxuntamente por alumnado pertencente a diferentes cursos, o centro educativo deberá presentalos á categoría á que pertenza a maioría do alumnado participante.

4. Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:

- a) Un premio ao mellor traballo de cada categoría.
- b) Un accésit por cada categoría.

5. Condicións técnicas.

- a) Os traballos de debuxo, pintura e elaboración de maquetas presentaranse en formato e soporte libre, empregando as técnicas que o alumnado decida. As súas dimensións, unha vez expostas, non poderán exceder de 1,5 metros en calquera das súas dimensións. Poderán ser excluídos automaticamente aqueles traballos que excedan as citadas medidas.
- b) Os traballos de fotografía presentaranse en formato dixital, arquivos JPG, RAW ou TIFF.
- c) No caso de vídeos, as producións presentaranse en formato admitido e compatible coa Sede Electrónica da Xunta de Galicia. A súa duración non poderá exceder os 5 minutos.
- d) O resultado das creacións dixitais presentaranse nos formatos indicados para fotografía ou vídeo, segundo corresponda.



- e) Todos os textos, locucións e grafismos empregados nos traballos deberán utilizar o galego.
- f) Todos os traballos deberán estar correctamente identificados cos seguintes datos: título do traballo, nome e localidade do centro escolar participante e categoría na que participa.

Non se admitirá ningún traballo en soporte distinto dos anteriores ou que non respecte as condicións indicadas.

Artigo 22. *Modalidade de actividades cooperativizadas*

1. O alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e de educación especial poderá presentar a este concurso as memorias de actividades realizadas cooperativamente por grupos de alumnos ou alumnas. As actividades poderán consistir, entre outras, na creación de cooperativas escolares, organización de eventos ou festivais, obras de teatro, campionatos deportivos, xornais, páxinas web, programas de radio ou actividades de voluntariado.
2. En cada traballo deberán participar como mínimo tres alumnos ou alumnas.
3. Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:
 - a) *Un premio ao mellor traballo.*
 - b) Un accésit.
4. A memoria dos traballos realizados describirá o proceso de elaboración e realización da actividade de xeito que indique:
 - a) Título do traballo.
 - b) Definición dos obxectivos, aclarando as metas que se pretenden acadar e os beneficios de tipo cooperativo que se espera que reporte a actividade.
 - c) Asignación de tarefas. Débese dividir o traballo en partes e decidir que persoa ou persoas se encargan de cada unha delas. Para isto é importante ter en conta os intereses de cadaquén, as súas posibilidades, coñecementos, preferencias, etc.



d) Tarefas desenvolvidas. Débese especificar que tipo de recursos se precisan para levar a cabo a actividade e cales deles se utilizan. Estes poden ser de tipo material, documental, económico, etc. Tamén é necesario precisar a maneira de obtelos.

e) Dinámica das reunións. Para que o traballo estea coordinado hai que celebrar reunións periódicas para poñer en común o realizado, así como para establecer cales son as seguintes tarefas, os prazos, as persoas encargadas de realizalas e calquera decisión sobre a marcha do proxecto. Para este fin débense levantar actas das reunións en que se deixe constancia de todo isto.

f) Resultado final.

Esta memoria deberá estar redactada en galego e terá unha extensión máxima de 6 follas DIN A4 escritas por unha soa cara. Engadiranse, como anexos, o resultado final e os documentos precisos para xustificar a realización do proxecto, nas súas diferentes etapas, tales como fotografías da realización, documentos, materiais realizados e actas das reunións, debidamente identificados co nome do centro e o título do proxecto. Toda a documentación presentarse en formato electrónico.

Artigo 23. Modalidade de proxectos empresariais cooperativos

1. O alumnado dos centros educativos que impartan formación profesional específica e ensinanza de réxime especial, nos cales se realizasen actividades de fomento e divulgación do cooperativismo, poderán presentar a este concurso os proxectos empresariais elaborados por eles, baixo a modalidade de proxectos empresariais cooperativos.
2. Na elaboración de cada proxecto deberán participar, como mínimo, tres alumnos ou alumnas, que deberán estar dirixidos por un profesor ou profesora, ou un director ou directora.
3. Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:
 - a) Un premio ao mellor proxecto.
 - b) Un accésit ao proxecto finalista.



Así mesmo, o mellor proxecto e o accésit poderán entrar a formar parte dos programas de emprendemento na economía social e mentorización que desenvolve a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

4. Os proxectos deberán desenvolver o proceso completo de posta en marcha dun proxecto empresarial, baixo a fórmula cooperativa, orixinal, coherente e viable economicamente.

Os proxectos deberán estar correctamente identificados co título do traballo e o nome do centro participante.

Deberán estar redactados en galego e presentaranse en formato electrónico, acompañados dunha ficha resumo segundo o modelo que pode obterse na sección de axudas e subvencións da web <https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/> así como dun currículo do grupo (nomes, apelidos, idades e estudos do alumnado).

Artigo 24. *Tribunais e criterios de avaliación*

1. Os traballos que participen nas modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas serán avaliados por un tribunal composto polos seguintes membros:
 - a) Dúas persoas nomeadas polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas.
 - b) Dúas persoas, nomeadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
 - c) Unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social designada pola súa persoa titular, que o presidirá.

O tribunal emitirá proposta sobre os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

- Representación dos valores e actitude que representa o cooperativismo, ata 25 puntos.
- Grao de organización amosado na realización do traballo polo grupo, ata 25 puntos.
- Orixinalidade do traballo e tema elixido, ata 25 puntos.



- Calidade final do traballo presentado, ata 25 puntos.

2. Os proxectos presentados á modalidade de proxectos empresariais cooperativos serán avaliados por un tribunal composto polos seguintes membros:

- a) Dúas persoas nomeadas polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas.
- b) Unha persoa nomeada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- c) Unha persoa técnica especialista en cooperativismo nomeada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- d) Unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social designada pola súa persoa titular, que o presidirá.

O tribunal emitirá proposta sobre os proxectos presentados tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

- A coherencia do traballo, ata 25 puntos.
- A orixinalidade do tema elixido, ata 25 puntos.
- A viabilidade económica do proxecto, ata 25 puntos.
- A relación coa contorna onde se desenvolve, ata 25 puntos.

3. Os tribunais poderán propoñer que se declaren os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

4. Os tribunais non poderán propoñer a un mesmo centro como gañador do premio ao mellor traballo e do accésit nunha mesma categoría da modalidade de actividades artísticas, ou na mesma modalidade no caso de actividades cooperativizadas e de proxectos empresariais cooperativos. No caso de que os dous traballos que acaden a maior puntuación nunha mesma categoría correspondan a un mesmo centro, o tribunal deberá propoñer como gañador do accésit ao centro cuxo traballo obtivera a puntuación seguinte.



5. Na composición do tribunal procurarase acadar a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 25. Apoio aos centros educativos para a realización de actividades de promoción do cooperativismo

Co obxecto de facilitar a realización das actividades de promoción do cooperativismo, os centros educativos poderán solicitar asesoramento en materia dos principios e valores cooperativos a través de escrito dirixido á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Artigo 26. Xustificación e pagamento

1. Os importes dos premios correspondentes ás modalidades de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas, serán aboados aos centros de ensino gañadores de oficio pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.
2. No prazo indicado na convocatoria, os centros premiados deberán remitir a seguinte documentación xustificativa do destino do importe recibido:
 - a) Facturas xustificativas da adquisición do material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, ou do custo da realización dunha actividade formativa, deportiva ou cultural dirixida ao alumnado do centro ou, na modalidade de actividades cooperativizadas, as facturas xustificativas dos gastos relativos a proxectos emprendedores cooperativos do centro educativo no caso de que este decidise destinar a totalidade ou parte do premio á realización destes proxectos emprendedores.
 - b) Memoria explicativa indicando o obxecto do gasto, xustificación deste e alumnado beneficiario.
 - c) Declaración asinada pola persoa que ocupe a dirección do centro que acredite a conformidade das facturas presentadas, así como o xustificante bancario de transferencia conforme foi aboada a factura ou facturas que se presentan como xustificación do premio outorgado.



poderán recoller os traballos presentados nun prazo de tres meses a partir do día da entrega dos premios.

4. A participación neste certame implica a aceptación incondicional destas bases que teñen carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, na súa falta, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Capítulo III

Programa II: Premios á cooperación (procedemento TR802Q)

Artigo 28. Finalidade

Os premios á cooperación teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que as cooperativas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade Autónoma galega. O código do procedemento para a tramitación destes premios é o TR802Q.

Artigo 29. Procedemento

1. Os premios concederanse por concorrencia competitiva, segundo o procedemento baseado no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. O procedemento iniciarase de oficio coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria pública, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30. Entidades destinatarias

1. Poderán optar a estes premios as cooperativas galegas que realizasen un destacado labor no eido do cooperativismo.
2. Será requisito necesario para participar estar ao día nas obrigas rexistras co Rexistro de Cooperativas de Galicia.



3. Non poderán resultar premiadas aquelas cooperativas que resultaran premiadas en anos anteriores nos premios á cooperación cando os méritos alegados sexan substancialmente os mesmos.
4. Tampouco poderán resultar premiadas as cooperativas nas que conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 31. *Premios*

Outorgaranse os seguintes premios:

- Premio aos valores cooperativos.
- Premio ao mellor proxecto cooperativo novo.
- Premio á traxectoria cooperativa.

Artigo 32. *Premio aos valores cooperativos*

1. Outorgarase á cooperativa galega que máis teña destacado no impulso dos valores e principios cooperativos.
2. O tribunal valorará a traxectoria das candidatas, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos valores e principios cooperativos, a súa comunicación e difusión, así como a súa adecuación ao marco socioeconómico galego. Os principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional son:
 - a) Adhesión voluntaria e aberta.
 - b) Xestión democrática por parte das persoas socias.
 - c) Participación económica das persoas socias.
 - d) Autonomía e independencia.
 - e) Educación, formación e información.
 - f) Cooperación entre as cooperativas.
 - g) Interese pola comunidade.

Os valores cooperativos son:



- a) Axuda mutua.
- b) Responsabilidade.
- c) Democracia.
- d) Igualdade.
- e) Equidade.
- f) Solidariedade.
- g) Transparencia.

Artigo 33. Premio ao mellor proxecto cooperativo novo

1. Outorgarase á cooperativa galega que na data de publicación da convocatoria teña unha antigüidade igual ou menor a corenta e dous meses e que destaque nas súas achegas nos aspectos sociais, económicos, culturais ou ambientais.
2. O tribunal terá en conta a especial relevancia do proxecto, que pode vir determinada, entre outros, polo seu carácter innovador, a súa sustentabilidade, a súa repercusión positiva no seu contorno especialmente nos eidos económico, social, cultural e laboral.

Artigo 34. Premio á traxectoria cooperativa

1. Outorgarase á cooperativa galega, que na data de publicación da convocatoria teña unha antigüidade maior de corenta e dous meses, e que teña destacado pola súa traxectoria no ámbito económico e social.
2. O tribunal terá en conta especialmente a solidez dos resultados económicos acadados, a xeración de postos de traballo, as relacións de intercooperación ou a expansión territorial do seu negocio.

Artigo 35. Tribunal

1. Para a concesión dos premios á cooperación actuará como tribunal a comisión permanente do Consello Galego de Cooperativas, que emitirá proposta razoada sobre as candidaturas segundo os criterios sinalados nos artigos 32, 33 ou 34, segundo corresponda.



2. O tribunal poderá propoñer que se declaren os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Artigo 36. *Pagamento*

1. A entrega das distincións ás cooperativas gañadoras terá lugar con ocasión dos actos de celebración do Día do Cooperativismo Galego.
2. O pagamento ás cooperativas gañadoras será realizado de oficio pola Dirección Xeral de Trballo Autónomo e Economía Social.

Artigo 37. *Condicións xerais de participación*

A participación nos premios supón a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo. Os seus efectos réxense polo establecido no seu articulado e, na súa falta, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

CAPÍTULO IV

Convocatoria do certame Cooperativismo no ensino e dos premios á cooperación para o ano 2026

Artigo 38. *Convocatoria*

Convócase para o ano 2026 o certame Cooperativismo no ensino e os premios á cooperación.

Artigo 39. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes comeza ao día seguinte da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* e remata o 30 de abril de 2026.

Artigo 40. *Contía dos premios*

1. No programa I, outórganse os seguintes premios:
 - I. Os traballos presentados á modalidade de actividades artísticas, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial, e á modalidade de actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria



obligatoria e educación especial, nas súas distintas categorías, poderán optar aos seguintes premios:

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os centros de ensino premiados en cada categoría recibirán a cantidade de 2.500 euros destinados á adquisición de material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, así como á celebración dunha actividade formativa, cultural, deportiva dirixida ao alumnado do centro. Na modalidade de actividades cooperativizadas o centro poderá optar por destinar a totalidade ou parte do premio acadado á posta en marcha de proxectos emprendedores cooperativos no propio centro educativo co obxecto de que podan entrar a formar parte dos programas de emprendemento na economía social e mentorización que desenvolve a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

- Un accésit por cada categoría: os centros de ensino premiados en cada categoría recibirán a cantidade de 1.500 euros destinados á adquisición de material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, así como á celebración dunha actividade formativa, cultural, deportiva dirixida ao alumnado do centro. Na modalidade de actividades cooperativizadas o centro poderá optar por destinar a totalidade ou parte do premio acadado á posta en marcha de proxectos emprendedores cooperativos no propio centro educativo co obxecto de que podan entrar a formar parte dos programas de emprendemento na economía social e mentorización que desenvolve a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Poderanse acumular os importes dos distintos premios no caso de que o centro resulte gañador de máis dun premio.

II. Os traballos presentados á modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, poderán optar aos seguintes premios:

- Un premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo coa seguinte dotación:
 - Un premio de 4.500 euros, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto premiado.
- Un accésit coa seguinte dotación:



- Un premio de 3.500 euros, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto finalista.

Os traballos que obtiveran o mellor proxecto empresarial cooperativo e o accésit poderán entrar a formar parte dos programas de emprendemento na economía social e mentorización que desenvolve a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

2. No programa II, outórganse os seguintes premios:

- Premio aos valores cooperativos, cunha dotación económica de 5.000 euros.
- Premio ao mellor proxecto cooperativo novo, cunha dotación económica de 5.000 euros.
- Premio á traxectoria cooperativa, cunha dotación económica de 5.000 euros.

Artigo 41. Prazo de presentación da documentación xustificativa

1. Na modalidade de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas, o prazo de presentación da documentación xustificativa do destino do importe recibido rematará o 30 de novembro de 2026.
2. Na modalidade de proxectos empresariais cooperativos, o prazo de presentación da documentación xustificativa para o pagamento destes premios rematará o 31 de outubro de 2026. Non obstante, esta documentación tamén poderá presentarse xunto coa solicitude.

Artigo 42. Financiamento

O orzamento total dos premios previstos nesta convocatoria ascende a 43.000 €, que se financiarán con cargo ao código de proxecto 2016 00307, da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, distribuído nas seguintes aplicacións orzamentarias : 14.04.324C.480.1 por un importe de 28.000 euros e 14.04.324C.472.1 por un importe de 15.000 euros.

A distribución inicial de créditos por programas é a seguinte:

Programa I: vinteito mil euros (28.000 €)

Programa II: quince mil euros (15.000 €)



Programa	Aplicación orzamentaria	Importe
Programa I (TR802O)	14.04.324C.480.1	28.000 €
Programa II (TR802Q)	14.04.324C.472.1	15.000 €
TOTAL		43.000 €

Artigo 43. *Tramitación anticipada*

Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e tamén de conformidade coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vai imputar o correspondente gasto.

Deste xeito a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no momento da resolución.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente cobradas, segundo o establecido no artigo 6 da Orde de 29 de setembro de 2021, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería.



Disposición adicional segunda. *Base de Datos Nacional de Subvencions*

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, transmitirase á Base de datos nacional de subvencions a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Publicación no Rexistro Público de Axudas, Subvencions e Convenios*

As subvencions outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencions e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencions recibidas, así como ás sancions impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá solicitar a non publicación dos seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

Disposición final primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucions e as instrucions necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

O Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

